

REGULAMENTO DO
CENTRO INTERDISCIPLINARIO DE INVESTIGACIÓNS
FEMINISTAS E DE ESTUDOS DE XÉNERO
(Consello de Goberno do 30-01-2006)

TÍTULO PRELIMINAR: BASE XURÍDICA

Artigo primeiro

O *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)* establécese como un centro propio da Universidade de Santiago de Compostela, asentado no Campus de Santiago.

Artigo segundo

O *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)* rexeráse por:

- a. Lei 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- b. Os estatutos da USC aprobados por decreto 28/2004, de 22 de xaneiro.
- c. As normas internas de desenvolvemento dos Estatutos.
- d. O presente regulamento.

TÍTULO PRIMEIRO: ESTRUTURACIÓN

Artigo terceiro

O *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)* pretende abarcar, na súa actividade, unha cuádruplo dimensión:

- a. Investigadora, encargando a realización de proxectos de investigación básicos ou de I+D, ou mediante plans de investigación elaborados polo seu consello científico, ou por traballos individuais ou de grupo, baixo a responsabilidade dos seus autores e tras o informe do consello científico.
- b. Docente, artellando cursos de posgrao, doutoramento, formación e reciclaxe, dentro das áreas que lle son propias, coordinados polo seu consello científico.
- c. Asesora, informando aos organismos asociados e a outras persoas físicas e xurídicas que o soliciten.
- d. Divulgadora, dando a coñecer á sociedade, polos medios axeitados, os logros científicos que, a través do seu labor, se vaian acadando.

Artigo cuarto

1. Con base nas catro vertentes expostas no artigo precedente poderán crearse áreas específicas.
2. Á fronte de cada unha das áreas estará un membro numerario, elixido cada cuatrienio polos demais membros da área en cuestión, agás na fase inicial, na que os responsables serán designados pola/o Directora/or provisional do Centro.

Artigo quinto

As/os membros do *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)* serán:

- a. Os membros promotores serán os que compoñan o seu persoal científico, procedentes de modo habitual de entre o profesorado, axudantes e investigador/as da USC, excepto nalgúns casos específicos.
- b. Serán novos membros os profesoras/es e investigador/as da USC, cuxa solicitude de incorporación debe ir acompañada da autorización do departamento para desenvolver no centro toda ou parte da xornada de investigación.

TÍTULO SEGUNDO: SEDE E ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno do centro serán:

- O Consello de Centro
- A/O directora/director
- A/O secretaria/secretario

Artigo sexto

A sede do centro será a que determine a Universidade de Santiago de Compostela vinculado a algunha facultade do ámbito das Ciencias Sociais do Campus de Santiago. Non obstante, os responsables das distintas áreas poderán organizar actividades avaliadas polo centro en cidades diferentes da sede de Santiago.

Artigo sétimo

1. Serán membros do Consello de Centro:
 - a. A/o directora/director do centro.
 - b. A/o secretaria/secretario.
 - c. A/o representante do Consello de Goberno da Universidade.
 - d. Tres representantes do persoal científico adscrito ao centro.

2. Seráns funcións do Consello de Centro:
 - a. Elixir a/o directora/or do centro e propoñer o seu nomeamento ao reitor e, de ser o caso, a súa remoción mediante acordo adoitado do xeito que estableza o regulamento de réxime interno.
 - b. Aprobar o orzamento e a programación anual das actividades do centro.
 - c. Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica.
 - d. Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico do centro e o seu cesamento.
 - e. Emitir informes sobre os contratos de investigación e asesoramento e dos seus profesores a petición das e dos interesadas/os.
 - f. Propoñer ao Consello de Goberno da Universidade a aprobación ou modificación do regulamento do centro.

3. O Consello de Centro reunirse en xuntanza ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano, e en extraordinaria cantas veces faga falla para o cumprimento das súas obrigas.

Artigo oitavo

1. Unha vez aprobada a creación do centro, o reitor da Universidade de Santiago nomeará unha/un directora/or en funcións entre os membros dos grupos promotores que cumbran as condicións establecidas no regulamento dos centros propios da Universidade de Santiago de Compostela. Non obstante, no prazo máximo de dous anos a seguir, serán os membros numerarios do centro quen procederán á súa elección ordinaria mediante votación directa e secreta, por un período de catro anos, tendo que acadarse para tal fin a metade máis un dos votos válidos.

Nos casos en que se xustifique, o voto poderá ser emitido por correo nas condicións de legalidade requiridas, sempre en data anterior á sinalada para a votación xeral.

3. Serán obrigas da/o directora/or
 - a. Convocar e presidir as reunións do Consello de Centro e executar os seus acordos. En caso de empate nas votacións poderá exercer o voto de calidade.
 - b. Representar ao centro no ámbito da súa competencia.
 - c. Elaborar as propostas anuais de programación e o orzamento do centro.
 - d. Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
 - e. Nomear a/o secretaria/o.
 - f. Dirixir e coordinar as actividades do centro.
 - g. Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

Artigo noveno

1. A/o secretaria/o será nomeada/o pola/o directora/or entre os membros numerarios do centro. As súas obrigas serán:
 - a. Redactar as actas das sesións do Consello de Centro do centro.
 - b. Custodiar os arquivos e a documentación do centro.
 - c. Expedir as certificacións no ámbito da súa competencia.

2. O seu mandato durará o que dure o da/o directora/or.

Artigo décimo

A xestión administrativa e de servizos será facilitada pola Universidade de Santiago de Compostela.

TÍTULO TERCEIRO: DOTACIÓN FINANCEIRA E LOXÍSTICA

Artigo undécimo

1. O centro contará cun orzamento anual de ingresos e gastos.
2. O orzamento será elaborado anualmente pola súa directora/or e colaboradores e aprobado polo Consello de Centro.

Artigo duodécimo

Serán ingresos do centro:

- a. As subvencións ou achegas das administracións públicas ou entidades públicas e privadas.
- b. A prestación de servizos.
- c. A subvención finalista para proxectos de investigación.
- d. A parte correspondente de prezos por impartición de estudos propios.
- e. As doazóns e achegas de particulares.
- f. As cantidades derivadas de publicacións.
- g. As cantidades outorgadas para infraestrutura e axudas á investigación.
- h. Calquera outro ingreso admitido legalmente.

Artigo decimoterceiro

A instrumentación científica do *Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX)* será:

- a. A adquirida con cargo aos seus orzamentos ou aos seus programas de investigación, adscrita o centro.
- b. A cedida polas entidades colaboradoras para o cumprimento dos fins do centro.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. O Consello de Centro interpretará este regulamento e ditará normas aclaratorias.
2. O Consello de Goberno da Universidade poderá modificar o presente regulamento por iniciativa do Consello de Centro do centro.